



BOP

XOVES, 9 DE MAIO DE 2019

N.º 105

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Zeltia Cobelo Paleo e Antonio Eijo Sánchez solicitan de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.65082.

As obras solicitadas consisten na construción dunha vivenda unifamiliar na finca de referencia catastral 27067A02600528, na zona de policía dun rego innominado afluente do rego de Cristo, no lugar de Pallaregas, na parroquia de Covas, no concello de Viveiro (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Viveiro ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 2 de maio de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 1290

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

CONVOCATORIA E BASES QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGRÍCOLA E/O GANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 3 de maio de 2019, prestou aprobación as bases e convocatoria das mesmas, que rexen a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de actuación "Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019"

Prazo de solicitude: O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, a contar a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os modelos de solicitude e de xustificación como do resto da documentación, poderán descargarse na páxina principal da Deputación Provincial en:

<http://www.deputacionlugo.org/> > **Áreas de Interese > Subvencións > Axudas Plans Especiais**

En cumprimento do disposto no artigo 9 de Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, procédese á publicación do texto íntegro das referidas bases reguladoras e á publicación da convocatoria das mesmas.

BASES PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGRÍCOLA E/O GANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019.

1.- Exposición de motivos

O abandono de terras e a conseguinte diminución da superficie utilizada pola agricultura e a gandería constitúe un problema importante para Galicia, pero particularmente para a provincia de Lugo. A posta en marcha dende 2007 de diferentes medidas legislativas como a Lei 7/2007 do banco de terras de Galicia e a Lei 6/2011 de mobilidade de terras, dirixidas a corrixir, dentro do posible, esta situación, non foi suficiente, posto que

entraron en xogo outros elementos centrais da problemática do campo galego contemporáneo: a incidencia catastrófica dos incendios forestais, a redución e progresivo envellecemento da poboación rural e un ineficaz uso do territorio que dificulta a competitividade do sector agrícola e/o gandeiro.

Neste sentido, o sector agrícola e/o gandeiro da provincia de Lugo iniciou durante as últimas décadas un proceso de diminución do número de explotacións, que se prevé continúe durante os próximos anos como resultado da falta de viabilidade futura de moitas delas, ben pola inexistencia de relevo xeracional ou ben pola simple inviabilidade económica, o que orixina o progresivo peche de explotacións e que vai deixando libres as terras que estas ocupaban.

O cese das actividades agrícolas e/o gandeiras trae consigo importantes consecuencias ambientais e paisaxísticas, xa que pasado un tempo os terreos abandonados comezan a ser colonizados pola vexetación espontánea seguindo unha progresión, que comeza con formacións de especies herbáceas e de matogueira e que, en ausencia de perturbacións externas, pode chegar a formar masas arbóreas de rexeneración natural. O crecemento da cuberta vexetal afecta á riqueza de especies animais e vexetais e á calidade da paisaxe.

O abandono da actividade agrícola e/o gandeiro tamén conduce a unha modificación da paisaxe rural que habitualmente implica a desaparición de paisaxes culturais moldeados ó longo de séculos. Este fenómeno constitúe por si mesmo unha perda cultural, e a súa importancia é maior si consideramos que vai ligada á desaparición do coñecemento sobre prácticas agrícolas e/o gandeiras tradicionais.

Dende un punto de vista económico, o cese das actividades agrícolas e/o gandeiras implica en moitos casos o abandono total ou o cambio a un uso das terras distinto do inicial que se traduce en superficie que non se incorpora ás explotacións en activo, o que impide a ampliación da súa base territorial e que se manifesta no estancamento do tamaño medio da explotación.

Outro efecto negativo para o sector agrícola e/o gandeiro é a proliferación de determinadas especies animais que experimentan un importante crecemento das súas poboacións ó verse favorecidas pola expansión da vexetación, chegando nalgúns casos a causar danos substanciais nas colleitas.

Por outra parte, o proceso de abandono de terras por parte do sector agrícola e/o gandeiro tamén vai asociado á perda de poboación no medio rural e á concentración da poboación nos núcleos urbanos.

Debemos ter en conta tamén que o monocultivo do leite leva consigo a perda de competitividade e rendibilidade das explotacións, polo que, correspóndelle a Administración a promoción doutras maneiras de vivir do agro como son a explotación da horta e das viñas e como consecuencia esta diversificación leva consigo o aproveitamento dos recursos que na nosa Provincia son moitos.

Consecuentemente co exposto, impleméntase un programa de axudas, que ten por obxecto a cooperación desta Deputación Provincial na promoción económica do sector agrícola e/o gandeiro da provincia mediante axudas que incentiven o incremento da base territorial produtiva perseguindo desta maneira, a redución de custes de produción asociados a unha maior competitividade no mercado, considerando este sector, coma unha fonte de recursos, emprego e oportunidade de fixación de poboación nos noso territorio.

A Liña 6 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo do ano 2017-2019, aposta por **“acadar o desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro como sectores estratéxicos da economía da provincia e xeradores de oportunidades de emprego, e que redunde na fixación de poboación nas zonas rurais”**, entre outros, cos seguintes obxectivos: Recuperación de terreos abandonados e incremento da superficie adicada aos cultivos.

Polo exposto, a Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das competencias atribuídas polo artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local pon en marcha o programa: DE APOIO AO SECTOR AGRÍCOLA E/O GANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO.

- **“Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros”**

Programa que se regula polas presentes BASES

Bases das subvencións do PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGRÍCOLA E/O GANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO

Base 1.- Obxecto

As presentes bases teñen como obxecto a ordenación do procedemento para a concesión das subvencións en réxime de concorrencia competitiva dentro do Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro desta Deputación provincial, destinadas aos titulares de explotacións agrícolas e/ou gandeiras da provincia de Lugo, coa finalidade da incorporación de terras á superficie produtiva.

Para poder ser beneficiario da subvención será preciso dispor dunha superficie mínima de 1 Ha para a súa posta en produción, podendo ser nunha única parcela, varias ou parte dunha de maior superficie, pero respectando sempre o mínimo esixido.

A superficie a incorporar pode ser en concepto de propiedade, aluguer, cesión ou calquera outro instrumento xurídico que confira o dereito de uso do ben. No suposto de solicitude de incorporación de máis dunha parcela poderán empregarse indistintamente os conceptos anteriores para cada una delas.

Os beneficiarios deberán comprometerse a ter en produción ou funcionamento o ben para o que se lle concede a subvención por un período mínimo de cinco anos (artigo 23.4.a da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación en concordancia con canto se dispón polo artigo 31.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

Estas axudas acóllense ao Regulamento (UE) nº 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos no sector agrícola, publicado no Diario Oficial da Unión Europea Serie L número 352 do 24 de decembro de 2013.

Base 2.- Réxime de concorrencia

As subvencións ás que se refiren as presentes bases convócanse en réxime de concorrencia competitiva, ata esgotar o crédito dispoñible.

Teñen por obxecto a cobertura de inversións (código obxecto 1), articularanse na modalidade de subvención (código instrumento axuda SUBV) sen contraprestación, sendo esta un tipo de subvención non cualificable como axuda de Estado a empresa (código tipo de subvención 1) encadrada dentro do sector económico de axudas a actividades de apoio a la agricultura (código sector económico 01.6) é coa finalidade de recuperación, de terreos abandonados e incremento da superficie adicada aos cultivos (código finalidade 12), contribuíndo o asentamento da poboación no medio rural (código impacto de xénero 2).

Os códigos do parágrafo anterior refírense a información para a base de datos nacional de subvencións.

Base 3.- Gastos subvencionables

De conformidade co disposto no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencións, os gastos subvencionables conceptuaranse da forma e nas condicións establecidas no devandito artigo e, en concreto, serán subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios. Asemade, tal como dispón o devandito precepto, en ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- O proxecto de obra, no caso de ser necesario.
- Os gastos de xestión derivados das solicitudes, licenzas ou permisos.
- Os intereses debedores das contas bancarias.
- Intereses, recargas e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedemento xudiciais.
- Proxectos con solucións técnicas non sostibles, ineficientes ou con prezos non axustados aos de mercado.

Considerarase gasto subvencionable aquel referido á actividade subvencionada e que se acredite coa presentación das facturas e/ou xustificantes de gasto, sendo necesario que este se atope pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación e que se acredite o seu pagamento mediante xustificante bancario.

Base 4.- Beneficiarios

- Gandeiro ou Agricultor individual
- Sociedades Agrarias de Transformación.
- Persoas xurídicas que ostenten a titularidade de explotacións
- Persoas físicas ou xurídicas que asuman o compromiso da súa incorporación á agricultura ou gandería.
- Comunidades de Bens e Sociedades Cívís que sexan titulares de explotacións agrícolas e/o gandeiras.

1) Nestes casos, deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención a aplicar por cada uno deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 “Prescrición” e 65 “Prescrición de infraccións e sancións” da Lei Xeral de Subvencións.

Para ser beneficiario desta liña o solicitante debe acreditar que a lo menos o 50 por 100 dos ingresos da persoa física proveñan da actividade agrícola e/o gandeira.

No caso de entidades sen personalidade xurídica (C.B. e S.C.) deberán acreditar que a lo menos o 50% dos ingresos da metade dos seus socios, proveñan da actividade agrícola e/o gandeira.

No caso de persoas xurídicas (S.A.T., S.L. o S.A.) deberán acreditar que a actividade principal sexa a agrícola e/o gandeira.

Este requisito non será esixible nos supostos de persoas físicas ou xurídicas que asuman o compromiso da súa incorporación á agricultura e/o gandería.

En ningún caso poderá ser beneficiario quen se atope nalgunha das circunstancias establecidas polo artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Base 5.- Contía máxima da axuda e incompatibilidade con outras axudas

A contía global destinada a esta actuación incluída no orzamento da Excm. Deputación Provincial de Lugo para a anualidade 2019 ascende á cantidade de **100.000,00€** (aplicación orzamentaria 4590.779), liña 6 do Plan Estratégico de Subvencións.

No suposto, que unha vez resoltas as subvencións non se esgote o crédito, o remanente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2019, que en todo caso non supoña modificación orzamentaria. Do mesmo xeito tamén poderán incorporarse a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As axudas serán compatibles cas aportacións económicas dos beneficiarios sempre e cando, as mencionadas aportacións non coincidan con ningún outro tipo de axuda económica que poida recibir o beneficiario para o mesmo obxecto doutras administracións públicas.

Non existirá a posibilidade de efectuar pagos anticipados ou abonos a conta das subvencións concedidas.

En todos os casos as contías subvencionables serán referidas a base impositiva dos gastos (sen o IVE) e, xa que logo, en ningún caso será subvencionado o importe correspondente o IVE, sendo as seguintes:

A contía máxima por beneficiario establécese segundo o cadro seguinte:

Subvención por Ha	Max. Ha subvencionables*	Contía Máx. Axuda
500 € /Ha (sen IVE)	18	9.000 €

*Non serán desestimadas ás solicitudes que excedan do máximo de 18 Ha subvencionables, pero no caso de concederse a subvención, esta non superará a contía máxima da axuda.

Para o cálculo da contía da subvención empregárase a seguinte fórmula: Nº ha. x Importe Subvención Ha (**Por exemplo, se nunha solicitude a superficie é de 1,23 Ha, no suposto de resultar beneficiario, o importe da subvención ascendería a : 1,23Ha x 500 € /Ha = 615 €**).

Entenderase realizada a actuación cando as labores feitas na/s parcela/s incorporadas á produción sexan as idóneas e suficientes para a implantación de sementes agrícolas.

Os beneficiarios deberán comprometerse a ter en produción a parcela para a que se lle concede a subvención por un período mínimo de cinco anos.

Estas axudas teñen a consideración de mínimos, Regulamento (UE) n.º 1408/2013 do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, ás axudas de mínimos no sector agrícola, segundo o cal o total de axudas de mínimos concedidas a unha persoa beneficiaria non poderá exceder de 15.000,00 euros brutos durante o exercicio fiscal en curso e os dous exercicios fiscais anteriores, non obstante, si a contía das subvencións outorgadas neses exercicios, mais a concedida pola Deputación en base a presente convocatoria supera dita cifra, poderá concederse a axuda respecto á fracción que non superou o límite dos 15.000,00 €.

Base 6.- Carácter da subvención

As subvencións que se concedan terán carácter voluntario e eventual e, a Corporación Provincial, por medio da Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas previa instrución do procedemento a tal efecto; reducilas, nos supostos de execución parcial e nas condicións establecidas nestas bases e, declarar a perda do dereito total ou parcial a percibila nos supostos de falta de xustificación. Igualmente procederá o reintegro da subvención percibida nos supostos previstos nestas bases. Ademais, non xeran ningún dereito á obtención doutras subvencións en anos posteriores e non poden alegarse como precedente.

En calquera caso, a Deputación provincial, quedará exenta de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

Base 7.- Dereitos e obrigas dos beneficiarios

Os beneficiarios da subvención terán os dereitos e obrigas conforme ao disposto no art. 5 da Ordenanza xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Os beneficiarios da subvención terá dereito a pedir e obter o apoio e a colaboración da entidade local no seguimento das actuacións proxectadas.

Os perceptores da subvención están obrigados a:

- 1) Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen, a esta Excma. Deputación Provincial, no prazo máximo de quince días, a partir da notificación do outorgamento, a renuncia, entenderase que a subvención é aceptada.
- 2) Realizar a actividade para a que foi concedida a subvención, axustándose aos termos do proxecto.
- 3) Acreditar perante esta Excma. Deputación Provincial a realización da actividade e cumprir cós requisitos e condicións que determinaron a concesión da axuda.
- 4) Someterse as actuacións de comprobación que efectúe a Deputación de Lugo, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- 5) Dar conta das modificacións que poidan xurdir na realización do proxecto, xustificándoas adecuadamente.
- 6) Os perceptores da subvención poderán contratar con terceiros, o cen (100) por cen (100), da execución dos proxectos obxecto destas bases.
- 7) Comunicar, tan pronto como se coñeza, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de outras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.
- 8) Xustificar adecuadamente a subvención na forma que se prevé nas presente bases.
- 9) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de aprobación da conta xustificativa que se encontre ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.
- 10) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, entanto podan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, e durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
- 11) Responsabilizarse da obtención de todas cantas licenzas ou permisos sexan necesarios para o correcta execución do proxecto para o que se solicita a subvención.
- 12) Ter en produción ou funcionamento o ben para o que se lle concede a subvención por un período mínimo de cinco anos (artigo 23.4.a da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación).
- 13) Consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales.
- 14) Así mesmo deberá facerse constar expresamente o patrocinio da Excma. Deputación Provincial de Lugo en todos os medios utilizados para a divulgación das actuacións subvencionadas, ademais do cartel indicativo da mesma que será facilitado de maneira gratuíta pola Deputación de Lugo.

Base 8.- Solicitudes; presentación das mesmas e prazos, lugar de presentación e órgano ao que se dirixe a petición. Documentación a presentar polos beneficiarios.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no B.O.P. do estrato da convocatoria.

Os interesados deberán solicitar a subvención dentro do prazo anteriormente sinalizado, formalizándose no impreso normalizado establecido ao efecto, que poderán obter por medios electrónicos na páxina principal da Web da Deputación Provincial de Lugo (www.deputacionlugo.org). Tamén os terá a súa disposición na Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos.

Non serán desestimadas ás solicitudes que excedan do máximo de 18 Ha subvencionables, pero no caso de concederse a subvención, esta non superará a contía máxima de axuda.

Un exemplar da solicitude, xunto coa documentación que se acompañe, presentaranse no Rexistro Xeral desta Deputación Provincial, quedando o outro exemplar en posesión dos interesados, e serán dirixidas a Presidencia da Excma. Deputación Provincial. Así mesmo poderán selo nos Rexistros previstos polo artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A solicitude da subvención deberán acompañar a seguinte documentación:

- 1) Documentación acreditativa de ser o titular ou representante legal da explotación agrícola ou gandeira: copia cotexada do libro de explotación, copia cotexada da folia de saneamento gandeiro, copia notificación oficial

da inscrición no REAGA, informe ou certificado expedido pola entidade competente que acredite que o solicitante é titular dunha explotación agrícola ou gandeira inscrita no REAGA.

No suposto do novas incorporacións a actividade agrícola e/o gandeira, presentarse declaración responsable pola que o interesado se comprometa darse de alta no Réxime Especial da Seguridade Social así como a inscribir no rexistro autonómico correspondente a nova explotación con anterioridade á xustificación da subvención. No suposto de que non se acredite o cumprimento deste requisito, procederá a declaración de incumprimento das condicións da subvención concedida e ocasionará a perda total do dereito ao cobro da subvención e, no seu caso, ao reintegro da mesma.

2) No caso de persoas físicas copia da declaración de IRPF referida ao exercicio 2017.

No caso de entidades sen personalidade xurídica (C.B. e S.C.) deberán acreditar que a lo menos o 50 % dos ingresos da metade dos seus socios, proveñan da actividade agrícola e/o gandeira mediante declaración de IRPF referida ao exercicio 2017 dos socios ou certificado da Axencia Tributaria expedido a tal efecto.

No caso de persoas xurídicas (S.A.T., S.L. o S.A.) deberán acreditar que a actividade principal sexa a agrícola e/o gandeira mediante declaración do Imposto de Sociedades, na que o código CNAE (2019) da actividade principal se corresponda cunha actividade agrícola e/o gandeira.

As novas incorporacións estarán exentas deste requisito.

3) Memoria valorada que describirá como mínimo:

- Situación actual da explotación en relación as terras a traballar (xustificación da intervención e plan de explotación)
- Obxectivos
- Actuacións a realizar
- Orzamento pormenorizado

4) Identificación catastral das parcelas e declaración responsable do compromiso de ter en produción a parcela/s para a que se concede a subvención durante un período mínimo de cinco anos.

5) Os seguintes documentos xustificativos:

- a. En caso de propiedade, de nova compra ou doazón: Documento que acredite a propiedade a nome do beneficiario, no caso de estar a parcela nunha zona inmersa en proceso de concentración parcelaria, será preciso copia da ficha do Acordo de concentración ou notificación oficial ao respecto.
- b. En caso de aluguer: Contrato de aluguer cunha duración mínima de 5 anos a nome do beneficiario e documento que acredite a propiedade do arrendador.
- c. En caso de cesión: Documento que acredite esta circunstancia a lo menos durante 5 anos e documento que acredite a propiedade do cedente.
- d. No caso de calquera outro instrumento xurídico que confira o dereito de uso: Documento que acredite esta circunstancia a lo menos durante 5 anos.

6) Fotografías do estado actual da parcela con identificación da parcela de que se trate.

7) Ficha de información de cada parcela do SIXPAC onde figuren a imaxe e os datos alfanuméricos da parcela.

8) Sistemas de seguimento e autoavaliación da execución do proxecto, de acordo co sinalado ao efecto na convocatoria (Anexo III).

9) Declaración responsable de ser coñecedor de que a subvención se atopa acollida ao Regulamento (UE) nº 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos no sector agrícola, publicado no Diario Oficial da Unión Europea Serie L número 352 do 24 de decembro de 2013, e o deber de respectalos, especialmente a obriga de que as subvencións mínimas concedidas durante os dous exercicios fiscais anteriores e o presente non superen os 15.000,00 euros (Anexo IV).

No caso de ter recibido ou solicitado axudas de mínimos nos dous exercicios fiscais anteriores e no presente exercicio fiscal convocadas por outras Administracións públicas, Unión Europea ou outras entidades, a declaración responsable deberá especificar o importe total, convocatoria a que se acolleu o solicitante, Organismo ou entidade convocante ou concedente, importe concedido ou solicitado e ano.

10) Declaración responsable do titular ou representante legal de non ter solicitado nin recibido subvencións doutras institucións públicas para o mesmo proxecto (Anexo IV).

11) Declaración responsable do titular ou representante legal de non estar feitas as actuacións antes da solicitude da axuda (Anexo IV).

- 12) Declaración responsable do titular ou do representante legal da entidade solicitante, de non encontrarse inhabilitado para contratar coas AA.PP. o para obter subvención das mesmas e de encontrarse facultado para actuar no nome da entidade (Anexo IV).
- 13) Certificacións expedidas ao efecto polos Organismo correspondentes, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma), Seguridade Social, e Deputación Provincial. Non entanto, a Deputación Provincial, poderá solicitar estes certificados, se así o considera, aos organismos correspondentes. Para este efecto os beneficiarios poderán acompañar a correspondente autorización do representante da entidade.
- 14) No caso de persoas xurídicas, Comunidades de Bens e Sociedades Cívís, copia do CIF., e dos seus estatutos.
- 15) Declaración responsable do titular ou representante da entidade de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas polo artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. (nos supostos de asociacións sen personalidade xurídica propia (C.B. e Sociedades Cívís) esta declaración deberá ser asinada por todos os membros da mesma) (Anexo IV).

Base 9.- Procedemento de concesión e criterios de adxudicación

O procedemento de concesión das devanditas subvencións tramitarase de conformidade co disposto no Título II da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación provincial publicada no BOP de número 55 data 7 de marzo de 2005; artigos 19 a 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; artigos 22 e seguintes da Lei 38/2003 e cos criterios obxectivos que se mencionan de seguido:

- 1) Número de hectáreas mobilizadas (superficie mínima a mobilizar 1Ha): (Ate 8,5 puntos)
- Ata 18 Ha mobilizadas - 0,25 puntos por Ha mobilizada -
 - Máis de 18 Ha e ata 50 Ha mobilizadas - 0,125 puntos por Ha mobilizada
- 2) Distancia da superficie incorporada ó núcleo de poboación máis próximo:
- a. En caso dunha única parcela os criterios de puntuación serán os seguintes: (Ate 5 puntos)
- No núcleo de poboación ou a menos de 2 km - 5 puntos
 - ≥ 2 km e ≤ 5 Km de distancia ó núcleo de poboación - 4 puntos
 - > 5 km e ≤ 10 Km de distancia ó núcleo de poboación - 2 puntos
 - $>$ de 10 Km - 0 puntos
- b. En caso de tratarse de máis dunha parcela a puntuación obtida neste criterio será a resultante do sumatorio da puntuación ponderada de cada unha delas atendendo á seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación Ponderada Parcela} = \frac{\% \text{ Superficie da Parcela sobre o total mobilizado} \times \text{Puntos obtidos por distancia}}{100}$$

- 3) Distancia lineal da superficie incorporada á explotación/s do solicitante/s: (Ate 5 puntos)
- a. En caso dunha única parcela os criterios de puntuación serán os seguintes:
- A menos de 2 km da explotación - 5 puntos
 - ≥ 2 km e ≤ 5 Km de distancia á explotación - 4 puntos
 - > 5 km e ≤ 10 Km de distancia á explotación - 2 puntos
 - $>$ de 10 Km - 0 puntos
- b. En caso de tratarse de máis dunha parcela a puntuación obtida neste criterio será a resultante do sumatorio da puntuación ponderada de cada unha delas atendendo á seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación Ponderada Parcela} = \frac{\% \text{ Superficie da Parcela sobre o total mobilizado} \times \text{Puntos obtidos por distancia}}{100}$$

- 4) Plan de explotación e aproveitamento das terras incorporadas. Ata 7,5 puntos
- 5) Impacto no entorno, da incorporación á base territorial produtiva de terras abandonadas e adecuación os principios de sustentabilidade do sector primario, mellora da calidade de vida, e da optimización e aproveitamento de recursos para a vida no rural. Ate 7,5 puntos

16)

No caso de que dúas ou máis solicitudes obteñan a mesma puntuación, e de esgotarse o crédito dispoñible non podendo acceder algunha delas a mencionada subvención, o desempate establecerase atendendo á que mellor puntuación obtivese na seguinte orde:

- 1) Plan de explotación
- 2) Impacto no entorno, da incorporación á base territorial produtiva de terras abandonadas e adecuación os principios de sustentabilidade do sector primario, mellora da calidade de vida, e da optimización e aproveitamento de recursos para a vida no rural.
- 3) Número de hectáreas mobilizadas.
- 4) Distancia da superficie incorporada ó núcleo de poboación máis próximo.
- 5) Distancia lineal da superficie incorporada á explotación/s do solicitante/s.

Base 10.- Instrución do procedemento

10.1.- A Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos será a responsable de instruír e tramitar os respectivos expedientes, revisará as solicitudes presentadas e verificará que conteñen a documentación esixida na base 8. Se resultara que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase ó solicitante, para que no prazo de dez días hábiles aporte a documentación necesaria ou subsane os defectos observados, facéndolle saber que no caso contrario, terase por desistido da súa petición, previa resolución do señor Presidente da Deputación a proposta do Deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, que lle será notificada ao solicitante.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda a súa avaliación e informe, no que concretará o resultado da avaliación efectuada.

10.2.- A avaliación das solicitudes efectuarase por unha Comisión de Valoración constituída para o efecto e composta por tres funcionarios da Deputación de Lugo nomeados por resolución da Presidencia da Deputación; sendo vocal nato a Interventora Xeral da Corporación ou funcionario/a en que delegue ou a substitúa. Exercerá de secretaria da Comisión a Secretaria Xeral da Corporación ou funcionario/a en que delegue ou o substitúa. Na resolución de nomeamento designarase Presidente e os correspondentes suplentes. A Comisión poderá estar asistida por expertos técnicos na materia.

Base 11. Resolución de concesión das axudas

A Comisión de Valoración verificará o cumprimento das condicións por parte dos solicitantes e formulará proposta de resolución á Xunta de Goberno previa valoración das solicitudes admitidas aplicando o baremo establecido; a estes efectos a Comisión designará a un empregado público de Deputación tecnicamente cualificado a fin que elabore un informe-proposta.

A proposta de resolución deberá reflectir a relación de solicitantes aos que se lles concederá a axuda así como a relación de solicitudes rexeitadas e os motivos da desestimación.

A resolución de concesión das axudas por parte da Xunta de Goberno, será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org

A publicación no BOP surtirá os efectos de notificación ao abeiro do artigo 45.1 b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común de las administraciones públicas.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de tres meses, contados a partir do seguinte ao da conclusión do prazo establecido para presentar as solicitudes, de conformidade co artigo 15 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación. No caso de non dítarse resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 21 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común de las administraciones públicas.

Base 12.- Modificación da resolución

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

No caso de renuncia a subvención por algún dos beneficiarios, concederase a subvención ao solicitante seguinte a aquel en orde da súa puntuación, dentro do ano 2019, sempre e cando se liberara o crédito suficiente no ano 2019 para atender a algunha das solicitudes desestimadas por falta de orzamento. Esta opción comunicarase ao interesado.

Base 13.- Prazo de execución da actividade

O prazo máximo de execución da actividade ou comportamento subvencionado será ó 30 xaneiro de 2020.

En casos excepcionais, a entidade beneficiaria, poderá solicitar unha ampliación do prazo sempre que a actividade, acción ou comportamento a xustificar non concluíra pola propia natureza da mesma, sendo a súa

resolución adoptada pola Presidencia desta Deputación Provincial. A dita ampliación non superará a data de 30 de marzo de 2020.

Base 14.- Xustificación das subvencións, prazos de xustificación e reducións

Os beneficiarios destas subvencións, deberán xustificar, en todo caso, e, se é preciso, a requirimento da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, a aplicación da subvención concedida, no prazo máximo de dous (2) meses, contados dende a data inicialmente prevista para a finalización do proxecto ou actividade que se subvenciona. No suposto de que os beneficiarios da subvención tiveran outorgado ampliación de prazo para a súa execución, a xustificación será no prazo dun (1) mes.

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante esta Deputación Provincial, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada.

A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención, de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e no 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A rendición da xustificación constitúe un acto obrigatorio do beneficiario.

O importe total que deberá executarse será igual ó orzamento que consta no correspondente expediente da petición.

Previamente á aprobación da xustificación das subvencións e como documento específico da referida conta, emitirase por técnico designado pola Deputación Provincial, certificado acreditativo de que as actuacións realizadas correspóndense coas solicitadas e xustificadas así como o gasto realizado.

No suposto de que a certificación emitida polos técnicos correspondentes da Deputación sexa inferior á contía da subvención concedida, só se procederá ó ingreso da parte efectivamente certificada e non da totalidade da subvención, sempre e cando a actuación efectivamente realizada sexa como mínimo do 75 por 100 da subvención concedida.

No suposto de que a certificación determine que se atopa por debaixo da porcentaxe anteriormente sinalada, entenderase como un incumprimento das condicións da subvención e declararase a perda total do dereito ao cobro da subvención concedida.

Rendida a conta xustificativa e unidas as certificacións emitidas polos Técnicos antes referenciados, pola Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, emitirase informe acerca da complitude documental da xustificación rendida e do grao de cumprimento dos fins para os cales se concedeu a subvención e da adecuación aos mesmos dos gastos realizados.

A Conta Xustificativa das subvencións presentaranse na Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos coa seguinte documentación:

- a) Memoria xustificativa sobre o cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención explicitando o nivel de logros acadado e relacionando as accións realizadas que foron necesarias para acadalo. Ademais, esta memoria deberá conter necesariamente un dossier fotográfico das actuacións realizadas (Anexo II).
- b) Memoria económica xustificativa do custo da actuación realizada, que conterá:
 - Relación clasificada dos gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), mediante facturas ou por medios propios (anexo IV BIS ou TER), con identificación do acredor: Número de factura, importe, data de emisión, data de pago, incluíndo os traballos realizados polo beneficiario.
 - No caso de presentar facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (anexo IV BIS), terán que ser orixinais, podendo ser devoltas ao beneficiario da subvención, si así o solicita, unha vez seladas ("estampilladas") polo órgano xestor e nelas especificaranse as unidades e prezos unitarios das actuacións.
 - Tamén poderanse xustificar os gastos mediante certificación de actuación, expedida por técnico externo competente, na que deberá especificarse, ademais, e no seu caso, a empresa executora das obras cos seus datos fiscais e a factura emitida por esa empresa ou empresas relativas a esa certificación.
 - No caso de acreditación do pago das facturas. O pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes do remate do prazo de xustificación, mediante xustificante bancario do pagamento, non admitíndose pagos en metálico, cheques ó portador ou calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibido para ser utilizado como medio de pago ó portador.
 - No caso de xustificación con medios propios (anexo IV TER), especificaranse cada unha das actuacións realizadas (desbroces, subsolado, laboreo profundo, etc), con unidades, cantidades e prezos unitarios; os

custes imputados aos traballos realizados con medios propios polo beneficiario serán como mínimo iguais ao importe da subvención concedida.

- o Declaración responsable do titular ou do representante da entidade de que, a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión, segundo o modelo normalizado (Anexo III).
- o Declaración responsable do titular ou do representante da entidade de non ter solicitado nin concedidas outras subvencións públicas para o mesmo obxecto ou actividade, segundo o modelo normalizado (Anexo VI).
- o Declaración responsable do titular ou do representante da entidade de ser coñecedor de que a subvención se atopa acollida ao Regulamento (UE) nº 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos no sector agrícola, publicado no Diario Oficial da Unión Europea Serie L número 352 do 24 de decembro de 2013, e o deber de respectalos, especialmente a obriga de que as subvencións mínimas concedidas durante os dous exercicios fiscais anteriores e o presente non superen os 15.000,00 euros (Anexo VI).
- o No caso de ter recibido ou solicitado axudas de mínimos nos dous exercicios fiscais anteriores e no presente exercicio fiscal convocadas por outras Administracións públicas, Unión Europea ou outras entidades, a declaración responsable deberá especificar o importe total, convocatoria a que se acolleu o solicitante, Organismo ou entidade convocante ou concedente, importe concedido ou solicitado e ano.
- c) Declaración responsable da existencia, no lugar onde radique a actuación subvencionada, de cartel indicativo da mesma, o cal lle será facilitado gratuitamente pola Deputación Provincial, e mostra fotográfica da súa colocación, segundo modelo normalizado.
- d) Acreditar, mediante certificacións expedidas ao efecto polos Organismos correspondentes, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma), Seguridade Social, e Deputación Provincial. Non entanto, a Deputación Provincial, poderá solicitar estes certificados, se así o considera, aos organismos correspondentes. Para este efecto os beneficiarios poderán acompañar a correspondente autorización do representante da entidade.
- e) Declaración responsable de non ser debedor por Resolución de procedemento de reintegro, segundo modelo normalizado (Anexo V).
- f) Certificación da conta bancaria expedida pola entidade bancaria a que se transferirá o importe da subvención que puidera concederse.
- g) No suposto de persoas físicas ou xurídicas que asumiran o seu compromiso de incorporación á agricultura e/o gandería, documentación acreditativa de ser o titular ou representante legal da explotación: copia cotexada do libro de explotación, copia cotexada da folla de saneamento gandeiro, copia notificación oficial da inscrición no REAGA, informe ou certificado expedido pola entidade competente que acredite que o solicitante é titular dunha explotación agrícola ou gandeira inscrita no REAGA e acreditar estar dado de alta no réxime especial da seguridade social agraria.
- h) Declaración responsable, do representante da entidade, de:
 - o Que os investimentos en materiais e prestacións relacionados no documento de clasificación de gastos subvencionables, foron empregados na actuación realizada.- Que, en ningún caso, o custo da adquisición dos gastos subvencionables foi superior ao valor do mercado.- Que o importe da subvención ou axuda económica, obtida da Excm. Deputación Provincial, non superou o custo da actuación realizada (Anexo V).
 - o Que non existiu alteración durante a realización da actuación, das condicións tidas en conta, para a concesión da subvención outorgada (Anexo V).
- i) Declaración responsable de ter en produción ou funcionamento o ben para o que se lle concede a subvención por un período mínimo de cinco anos (artigo 23.4.a da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación) (Anexo VII).

Base 15.- Pago da subvención.

O pago da subvención realizarase, mediante transferencia bancaria, previa xustificación polo beneficiario da realización do proxecto para o que se concedeu e dos informes correspondentes dos servizos desta Deputación Provincial, unha vez aprobada a conta xustificativa.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

Non se poderá realizar o pago da subvención mentres o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou mentres sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Base 16.- Plan de Auditoría Anual

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial levarase a cabo un Plan de Auditoría Anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra como a forma de selección como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

- 1) Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
- 2) Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos das subvencións.
- 3) Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recadar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Base 17.- Incumprimentos e obrigas de reintegro

Procederá o reintegro total ou parcial do importe da axuda máis os xuros de demora producidos desde o momento da notificación da obriga de reembolso, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en todo caso, nos supostos previstos nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Para facer efectiva a devolución á que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II, Do reintegro de subvencións da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005.

Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da mencionada Lei 38/2003.

Base 18.- Réxime de recursos

As resolucións de concesións ou denegación das subvencións aos beneficiarios, poñerán fin á vía administrativa, podendo interpor contra os mesmos recurso de reposición, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación da resolución de concesión, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución de concesión e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, todo elo, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.

Base 19.- Protección de datos

A Deputación de Lugo velará polos datos de carácter persoal incorporados a este procedemento administrativo e haberá que atermos ao disposto na Ley Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales. Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros agás de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente

Base 20.- Normativa de aplicación

Para todo o non previsto nesta bases estarase ao disposto en:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedimientu administrativo común de las administraciones públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime jurídico del sector público.
- Lei 7/1985, do 2 de Abril, reguladora das Bases do Réxime Local
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de Novembro, xeral de subvencións.
- A Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005.
- Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo
- Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.

- Regulamento (UE) nº 1408/2013, de la Comisión, do 18 de diciembre de 2013, relativo a la aplicación de los artículos 107 y 108 del Tratado de Funcionamiento de la Unión Europea a las ayudas de mínimos en el sector agrícola

Disposición Adicional Primeira. As declaracións responsables previstas nestas bases surtirán os efectos previstos polo artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de octubre, de procedimientu administrativo común de las administraciones públicas.

Lugo, 3 de maio de 2019, O Presidente - P.D. Decreto nº 0402/2017, de data 24-02-2017, O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 1289

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 30/04/2019, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de marzo do 2019 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 01/07/2019. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 2 de maio de 2019.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1291

CHANTADA

Anuncio

PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO CONCELLO DE CHANTADA

O pleno do Concello de Chantada, na sesión extraordinaria do día 25/04/2019 acordou aprobar o Plan Económico Financeiro 2019-2020 seguinte

PLAN ECONÓMICO FINANCIERO

PRIMERO.- CAUSAS, DIAGNÓSTICO E PREVISIÓN TEMPORAL.

A elaboración deste Plan económico-financeiro, efectúase consecuencia do incumprimento da estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, posta de manifesto coa a aprobación da liquidación do exercicio 2018, de tal xeiro que:

A. Estabilidade Orzamentaria.

Ejercicio 2018				
Ingresos no financieros	Gastos no financieros	Ajustes propia entidad	Ajustes por operaciones internas	Capacidad/necesidad financiación
6.758.446,66 €	6.153.228,17 €	-1.103.625,98 €	0,00 €	-498.407,49 €

B. Regra de gasto.

Ejercicio 2018					
Gasto computable liquidación 2017	Tasa referencia 2018	Aumentos y disminuciones (art.12.4)	Límite regla gasto 2018	Gasto computable liquidación 2018	Cumplimiento/incumplimiento regla gasto
3.792.055,59	3.883.064,92	289.936,25	4.173.001,17	5.922.670,54	-1.749.669,37

Este incumprimento débese:

Por una banda o importe recaudado no exercicio 2018:

- En impostos directos, xa que existe un desfase no ingreso feito pola Diputación, porque nos ingresa no exercicio seguinte o 10% dos padróns, e nos ingresa no exercicio seguinte a totalidade das liquidacións efectuadas;
- Nas subvencións concedidas a través do Plan Único da Deputación do exercicio 2017 e 2018, que aínda non foron ingresadas.

E por outra banda, debido a utilización do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, para a tramitación da indemnización consecuencia dunha revisión de oficio, por importe de 630.406,65€.

A utilización do remanente de Tesourería, da lugar ao incumprimento da estabilidade orzamentaria, de tal xeito, que ao utilizar o Aforro xerado nos exercicio pechados, prodúcese unha inestabilidade ou necesidade de financiación do exercicio corrente, de tal xeito que a súa corrección sería a través do cumprimento da estabilidade nos exercicios seguintes.

De tal xeito co remanente de tesourería configúrase como un ingreso financeiro cuia utilización esixe a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria para destinalo ao financiamento do fin imposto por unha norma con rango de lei de forma que, se financia gastos de carácter non financeiro, dará lugar necesariamente a un incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e, posiblemente, o límite fixado pola regra de gasto.

O remanente de tesourería, aínda cando se configura contablemente como un activo financeiro, a súa natureza identificaríase co aforro que xera unha entidade local nun exercicio como consecuencia do desfasamento entre a execución duns ingresos orzamentarios e as obrigacións recoñecidas ás que están afectados de forma tal que ese aforro haberá de ser utilizado como fonte de financiamento das obrigacións de exercicios posteriores a aquel no que se obtivo. En consecuencia, non cabe admitir que a utilización do remanente de tesourería afectado por unha entidade local sexa determinante dunha situación de déficit estrutural, é máis, habería de identificarse cunha situación de superávit orzamentario no momento da liquidación do orzamento.

Sentada a natureza do remanente de tesourería afectado cabe entender que os seus efectos sobre a situación económico financeira de unha entidade local en nada coinciden cos derivados doutros recursos financeiros que esixen un reembolso das cantidades recibidas e por iso parece lóxico que o tipo de medidas a implementar no plan económico financeiro deban acomodarse á situación descrita. A primeira consideración sobre as medidas para aprobar parte da imposibilidade de admitirse, como medida do plan para corrixir o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, a non utilización do remanente de tesourería de carácter afectado pola

xa citada obrigación legal da súa utilización. Sobre a base de o exposto, cabe afirmar que a recuperación de os obxectivos de estabilidade orzamentaria e, no seu caso, da regra de gasto, incumpridos pola utilización do remanente de tesourería afectado lograríase con a simple aprobación do orzamento do exercicio seguinte en situación de equilibrio orzamentario e dentro do límite de variación do gasto computable, sen necesidade de medida estrutural algunha dada a natureza do remanente de tesourería afectado no ámbito da Administración local. Nese contexto, a entidade local deberá elaborar e aprobar un plan económico financeiro que se poderá limitar a expoñer a orixe do desequilibrio en termos de contabilidade nacional e a recoller aquela medida.

A. Obxetivos.

A liquidación do exercicio 2018, pón de manifesto unha falta de capacidade de financiación e un aumento do gasto computable, provocada polas circunstancias mencionadas anteriormente, ou que ocasiona a necesidade de elaborar un Plan Económico-financiero. Por iso, os obxectivos do Plan económico-financiero buscan equilibrar e estabilizar a institución en 2019 e 2020, dando cumprimento ao establecido na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

B. Proxección de ingresos e gastos

A través da proxección das cifras de previsión de liquidación de ingresos e gastos para o exercicio corrente e o seguinte sen tomar ningún tipo de medida correctora, determínanse e cuantifican as causas que provocan o incumprimento da estabilidade orzamentaria e regra de gasto determinadas pola Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e a Orde HAP/2105/2012.

- Estabilidade Orzamentaria prevista para os exercicios 2019-2020:

Ejercicio 2019				
Ingresos no financieros	Gastos no financieros	Ajustes propia entidad	Ajustes por operaciones internas	Capacidad/necesidad financiación
6.015.559,61 €	6.633.232,74 €	618.599,66 €	0,00 €	926,53 €
6.015.559,61 €	6.633.232,74 €	618.599,66 €	0,00 €	926,53 €
Ejercicio 2020				
Ingresos no financieros	Gastos no financieros	Ajustes propia entidad	Ajustes por operaciones internas	Capacidad/necesidad financiación
6.015.559,61 €	6.069.536,51 €	54.100,00 €	0,00 €	123,10 €
6.015.559,61 €	6.069.536,51 €	54.100,00 €	0,00 €	123,10 €

- Regra de gasto prevista para os exercicios 2019-2020:

Ejercicio 2019					
Base Gasto computable liquidación 2018:	Tasa referencia 2019	Aumentos y disminuciones (art.12.4)	Límite regla gasto 2019	Gasto computable liquidación 2019	Cumplimiento/incumplimiento regla gasto
5.922.670,54	6.082.582,64	0,00	6.082.582,64	6.082.421,55	161,09
5.922.670,54	6.082.582,64	0,00	6.082.582,64	6.082.421,55	161,09
Ejercicio 2020					
Base Gasto computable liquidación 2019:	Tasa referencia 2020	Aumentos y disminuciones (art.12.4)	Límite regla gasto 2020	Gasto computable liquidación 2020	Cumplimiento/incumplimiento regla gasto
6.082.421,55	6.252.729,35	0,00	6.252.729,35	5.826.966,30	425.763,05
6.082.421,55 €	6.252.729,35	0,00	6.252.729,35	5.826.966,30	425.763,05

- Sostenibilidade financeira para os exercicios 2019-2020:

- ❖ Deuda pública.

Ejercicio 2019				
Drn corrientes	Ajustes DF 31ª LPGE 2013	Drn ajustados	Deuda PDE	Coeficiente endeudamiento
6.015.559,61 €	0,00 €	6.015.559,61 €	500.000,00 €	8,31%
6.015.559,61 €	0,00 €	6.015.559,61 €	500.000,00 €	8,31%
Ejercicio 2020				
Drn corrientes	Ajustes DF 31ª LPGE 2013	Drn ajustados	Deuda PDE	Coeficiente endeudamiento
6.015.559,61 €	0,00 €	6.015.559,61 €	450.000,00 €	7,48%
6.015.559,61 €	0,00 €	6.015.559,61 €	450.000,00 €	7,48%

- ❖ Deuda comercial e PMP.

Ejercicio 2019					
Deuda comercial corriente	Deuda comercial cerrados	Saldo 413	Total deuda comercial	PMP	
583.145,40 €	293.208,33 €	276.000,00 €	1.152.353,73 €	30,00	
583.145,40 €	293.208,33 €	276.000,00 €	1.152.353,73 €	30,00	
Ejercicio 2020					
Deuda comercial corriente	Deuda comercial cerrados	Saldo 413	Total deuda comercial	PMP	
583.145,40 €	293.208,33 €	50.000,00 €	926.353,73 €	30,00	
583.145,40 €	293.208,33 €	50.000,00 €	926.353,73 €	30,00	

SEGUNDO.- CONCLUSIÓN E OBXETIVO DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO.

Analizadas as causas do incumprimento que levaron á necesidade de aprobar este Plan Económico-Financeiro, tal e como se detalla no presente Plan, o mesmo garante o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e de regra do gasto nos exercicios 2019-2020.

De tal xeito que vamos ter una capacidade de financiación para o exercicio 2019 de 926,53€ e para o exercicio 2020 de 123,10€. E una previsión de cumprimento de regra de gasto para o exercicio 2018 de 161,09€ e para 2020 de 425.763,05€.

Chantada , 3 de maio de 2019.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1292

O CORGO

Anuncio

Este concello notifica a posibles interesados, que a persoa que se indica a continuación, solicitou autorización de corta de madeira nun monte comunal desta entidade local, aportando plano da zona concreta da corta, o que se fai público para que nun prazo de 15 días hábiles, contados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular alegacións e presentar documentos en defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos.

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE	POLÍGONO E PARCELA	MONTE COMUNAL
JOSEFA LÓPEZ BANDE	POLÍGONO 113 PARCELA 56	GOMEAN

O Corgo, 22 de abril de 2019.- O alcalde, José Antonio Ferreiro González.

R. 1293

GUNTÍN

Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente administrativo de modificación de crédito 5/2019, modalidade SUPLEMENTO/AMPLIACIÓN DE CRÉDITO no orzamento do Concello de Guntín para o ano 2019, ao non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público de aquel (BOP Nº079 de data 05/04/2019) en aplicación do disposto no artigo 169, 170, 171 e 179 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e do R.D. 500/90 de 20 de abril, faise público que despois do devandito expediente, o resumo por capítulos do orzamento de gastos e ingresos quedaría da seguinte forma:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
A)OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Gastos de Persoal	697.903,77
2	Gastos correntes en Bens e servizos	909.108,55
3	Gastos financeiros	0,00
4	Transferencias correntes	104.897,42
B)OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Inversións reais	560.327,22
7	Transferencias de capital	5.000,00
TOTAL GASTOS		2.277.236,96€

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impuestos Directos	623.107,87
2	Impuestos Indirectos	27.000,00
3	Tasas, precios públicos y otros ingresos	134.000,00
4	Transferencias correntes	1.058.363,48
5	Ingresos patrimoniais	20,00
6	Enajenación de Inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	290.529,23
8	Activos financeiros	144.216,38
TOTAL INGRESOS		2.277.236,96€

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción.

Sen prexuízo disto, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Guntín, 3 de maio de 2019.- O Alcalde, Jesús Carreira Ferreiro

R. 1294

MONTERROSO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE TURISMO PARA O CONCELLO DE MONTERROSO MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA (OBRA OU SERVIZO DETERMINADO)

Por Decreto de Alcaldía de 02 de maio de 2019 aprobáronse as bases da convocatoria para a provisión con carácter temporal por concurso-oposición dunha praza de técnico/a de turismo para o Concello de Monterroso.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de seis días naturais contados a partir do seguinte día hábil ao da publicación da convocatoria no boletín oficial da provincia de Lugo.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso e na páxina web www.monterroso.es

Monterroso, 03 de maio de 2019.- O1º TTe. Alcalde, (Decreto 27/03/2019), Marcelino Vázquez García.

R. 1295

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE MARZO 2019.

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 11 de abril de 2019 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de marzo de 2019, de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de marzo: 3618,06 €

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de maio de 2019 e o 01 de agosto de 2019.

Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 15 de abril de 2019.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena

R. 1296

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 11 de abril de 2019, prestouse aprobación inicial o padrón correspondente ao primeiro trimestre do ano 2019 da:

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.

- Taxa canon de auga.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente edito no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida Xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA.

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 1684/1990, do 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario **ata o 30.08.2019** Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ao enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pago en calquera oficina de Caixa Galicia. No caso de non recibilos, o obrigado ao pagamento deberá persoarse nas Oficinas Municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e no seu caso das costas do procedemento de apremio.

No caso do Canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do mesmo pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Pedrafita do Cebreiro, 15 de abril de 2019.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1297

SAMOS

Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de 02/05/2019, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a ABRIL E ATRASOS DE FEBREIRO E MARZO de 2019, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuíntes na conta do Concello no Banco Pastor ou BBVA.

Fixanse como período de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso

contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, a 2 de MAIO de 2019.- ALCALDE PRESIDENTE, D. Julio Gallego Moure.

R. 1300

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE MARZO DE 2019.

Aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 17 de abril de 2019, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de marzo de 2019 polo importe total de 5.104,29€.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 3 de maio de 2019.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 1298

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XIMNASIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE O VALADOURO DO MES DE OUTUBRO DE 2018.

Aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 17 de abril de 2019, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Ximnasio Municipal do Concello de O Valadouro, correspondente ao mes de outubro de 2018 polo importe total de 196,00€

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 3 de maio de 2019.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 1299

VILALBA

Anuncio

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DA SELECCIÓN DE PERSONAL PARA POSTOS DE MONITORES DEPORTIVOS NO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES, MEDIANTE CONTRATACIÓN DE CARÁCTER TEMPORAL PARA O CONCELLO DE VILALBA. BOLSA DE EMPREGO. EXP 1517/2019

PRIMEIRA.- Características

1.1. Obxecto da Convocatoria

A presente convocatoria ten por obxecto a contratación de monitores deportivos según as necesidades do Servizo Municipal de Deportes, respetándose, en todo caso, os ratios monitor/alumno naquelas actividades nas que se regule.

A duración do contrato será o necesario para non interrompirla o servizo.

1.2. Bolsa de emprego: funcionamento.

Os aspirantes seleccionados disporanse na lista pola orden de puntuación obtida no proceso selectivo.

O Concello de Vilalba xestionará a bolsa de emprego según as necesidades do servizo. Detectada dita necesidade, cursarase comunicación aos integrantes da bolsa de emprego por estricta orde decrecente en base á puntuación obtida no proceso selectivo. As persoas incluídas na relación de aprobados contarán cun prazo de tres días naturais para cumprir coa obriga de comuniar a aceptación ou para manifestar expresamente o seu rechazo da oferta. Este prazo de tres días hábiles podrá reducirse a 24 horas si se declara expresamente a urxencia na cobertura do posto. Para o funcionamento e execución desta bolsa de emprego seguirase a normativa autonómica recollida no Decreto 37/2006, de 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de personal interino para o desempeñeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de personal laboral da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 124/2016, de 8 de setembro, polo que se modifica o Decreto 37/2006, de 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de personal interino para o desempeñeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionario e a contratación temporal de personal laboral da Xunta de Galicia.

1.3. Vixencia da Bolsa de emprego.

A publicación dunha nova Bolsa de emprego extinguirá a vixencia da anterior existente.

SEGUNDA.- Requisitos dos aspirantes

Será necesario para optar a presente convocatoria cumprir cos seguintes requisitos xerais, conforme ao establecido no art. 56 do RDL 5/2015 do texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público:

- a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do establecido na mencionada lei para o caso de nacionalidades doutros estados.
- b) Poseer a capacidade funcional para o desempeñeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos os dezoito anos e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración pública, nin estar inhabilitado absoluta o especialmente para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares.
- e) Poseer a titulación esixida na base terceira

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes como no de toma de posesión ou formalización do contrato.

TERCEIRA.- Requisitos específicos.

Serán requisitos específicos para optar a presente convocatoria:

- a) Estar en posesión dun dos seguintes títulos:
 1. Monitor de ocio e tempo libre, expedido por unha escola oficial recoñecida por calquer Comunidade Autónoma.
 2. Técnico superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas ou equivalente.
 3. Técnico superior en Animación Sociocultural ou equivalente.
 4. Técnico Superior en Educación Infantil ou equivalente.
 5. Grao en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Primaria con mención en Educación Física ou equivalentes.
 6. Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte ou equivalente.
- b) Presentar certificación negativa, a que se refire o art. 9 do RD. 1110/2015 do 11 de decembro polo que se regula o Rexistro Central de Delincuentes Sexuais. No caso de persoas extranxeiras ou doutra nacionalidade aportarase a documentación descrita en dito artículo.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes como no de toma de posesión ou formalización do contrato. O requisito b) deberá presentarse con data actualizada.

CUARTA.- Solicitudes:

As instancias deberán presentarse de forma presencial no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Vilalba, sito nas oficinas xerais do 1º andar (Praza da Constitución nº 1 - 27800), Vilalba (Lugo), en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, sendo o prazo de **15 días hábiles** dende o día seguinte á publicación no BOP.

Tamén se poden presentar as solicitudes a través Rexistro Electrónico da sede electrónica do Concello de Vilalba, <http://vilalba.sedelectronica.es/info.0>, sendo requisito indispensable, estar en posesión de DNI electrónico ou firma dixital.

As instancias presentaranse acompañadas dunha fotocopia simple do DNI/NIE, fotocopia simple da titulación e requisitos esixidos, e a documentación necesaria para a acreditación de cada mérito según o descrito na base sexta.

Só se valorarán os méritos debidamente relacionados e acreditados dentro do prazo de presentación de solicitudes.

QUINTA.- Lista de solicitudes admitidas e excluídas.

Rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica <http://vilalba.sedelectronica.es/board//> e na páxina web do Concello de Vilalba http://vilalba.org/_a relación de solicitudes admitidas e excluídas.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles**, contados dende o seguinte ao da súa publicación na web, para presentar as reclamacións que consideren oportunas. Unha vez resoltas as reclamacións, ditarase resolución na que se aprobe a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Esta resolución farase pública no sitio web do Concello de Vilalba <http://vilalba.org/> e no taboleiro de anuncios da sede electrónica <http://vilalba.sedelectronica.es/board//> do Concello de Vilalba.

SEXTA.- Proceso de selección.

O Órgano de valoración seleccionará os aspirantes, conforme a estas bases entre todas aquelas persoas que acrediten cumprir os requisitos esixidos, conforme o seguinte proceso de selección, que constará de dúas fases

6.1. Fase 1: Avaliación de méritos alegados

A puntuación máxima nesta primeira fase é de **40 puntos**.

A valoración dos méritos alegados desenvolverase conforme ao seguinte baremo:

6.1.1. A experiencia laboral. Ata un máximo de 40 puntos, valorarase por prestar servizo como:

a) Monitor actividades deportivas extraescolares:

- **4 puntos** por cada edición de traballo en actividades deportivas organizadas por Administracións públicas.
- **1 punto** por cada edición de traballo en actividades deportivas organizadas por entidades privadas.

b) Monitor de campamento urbano:

- **2 puntos** por cada edición de traballo nun campamento organizado por Administracións públicas.
- **0,5 puntos** por cada edición de traballo nun campamento organizado por entidades privadas.

c) Monitor de campamento intensivo ou no medio natural:

- **1 puntos** por cada edición de traballo nun campamento organizado por Administracións públicas.
- **0,25 puntos** por cada edición de traballo nun campamento organizado por entidades privadas.

Documentos xustificativos: acreditarase mediante nomeamento, contratos ou certificación do organismo público ou privado contratante. En calquer caso acompañarase de certificado de vida laboral. Ademais poderá achegarse toda aquela documentación ou certificados que acrediten as funcións desempeñadas.

6.2. Fase 2: Avaliación dunha memoria e exposición oral da mesma.

A puntuación máxima nesta segunda fase é de **60 puntos**.

6.2.1. Memoria. Os aspirantes achegarán, xunto coa súa solicitude, unha memoria consistente no desenrolo dun programa de actividades de campamentos de verán, dunha semana de duración (5 días a media xornada de duración, 4 horas) para nenos de 4 a 12 anos.

A memoria non poderá superar os 10 folios de extensión a dobre espazo por unha soa cara, letra Arial, tamaño 12. Non se computará a portada nin a contraportada. Sí se computará o índice.

Resultará excluído do procedemento selectivo o persoal aspirante cuxa programación non se axuste ao establecido nos parágrafos anteriores.

Para a valoración da memoria terase en conta:

- Contextualización, adaptación do programa de actividades ao entorno.
- Adaptación das actividades ao grao de maduración dos nenos.
- Coherencia na estrutura e entre os elementos da memoria e metodoloxía.
- Orixinalidade e variedade de actividades.
- Outros epígrafes.

A puntuación máxima correspondente á memoria non poderá exceder de 36 puntos.

Os aspirantes, serán convocados, por orde alfabética, para realizar ante o Órgano de Valoración unha exposición oral sobre a memoria achegada. Nesta exposición, os aspirantes non poderán facer uso de medios técnicos de soporte (proxeutor, móbil, tablet, ordenador, etc....)

A presentación da memoria terá unha duración máxima de dez minutos.

Unha vez realizada a presentación, o Órgano de Valoración poderá realizar ó candidato as preguntas que considere precisas co fin de constatar os coñecementos do candidato en relación co contido da memoria exposta.

Os candidatos deberán presentarse á proba provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Para a valoración da exposición oral terase en conta a calidade da defensa:

- Claridade expositiva.
- Estructura da defensa.
- Outros epígrafes.

A puntuación máxima correspondente á presentación da memoria non poderá exceder de 24 puntos.

SÉTIMA.- Órgano de valoración.

Titulares:

1. Gonzalo Hermida Carreira. Técnico de emprego Concello de Vilalba.
2. Alexandre González Gómez. Técnico de Deportes Concello de Vilalba.
3. Félix Prieto García. Técnico de Deportes Concello de Vilalba.

Suplentes:

1. Sonia García Paredes. Animadora socio-cultural Concello de Vilalba.
2. Ana Berta Pardo Gil. Directora CIM Concello de Vilalba.

OITAVA.- Calificacións e lista de aspirantes seleccionados

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas en cada unha das fases.

En caso de empate na puntuación total, dirimirase a favor da persoa que obteña maior puntuación na Fase 2: Avaliación dunha memoria e exposición oral da mesma.

De persistir o empate, resolverase por sorteo.

Unha vez finalizado o proceso de selección, o Órgano de Valoración publicará no sitio web do Concello de Vilalba <http://vilalba.org/> e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Vilalba <http://vilalba.sedelectronica.es/board//> as puntuacións obtidas polos aspirantes con indicación da orde de disposición no listado de contratación. Dito listado servirá para xestionar a bolsa de emprego conforme o punto 1.2. destas bases. Establécese un prazo de **5 días hábiles** dende a publicación para presentar alegacións. A estimación ou desestimación entenderase implícita na resolución definitiva que se publicará no sitio web do Concello de Vilalba <http://vilalba.org/> e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Vilalba <http://vilalba.sedelectronica.es/board//>.

De non se presentar solicitudes, de non cumprir ningunha das rexistradas os requisitos esixidos ou de ser considerado que ningún dos candidatos resulta idóneo para os postos, aínda cumprindo os requisitos mínimos, a convocatoria será declarada deserta.

NOVENA. Formalización do contrato.

Os aspirantes seleccionados incorporaranse aos postos de traballo despois da publicación da resolución definitiva e seguindo o procedemento do punto 1.2. destas bases, Bolsa de emprego: funcionamento.

9.1. RETRIBUCIÓN

As retribucións íntegras mensuais serán as que resulten de aplicar no grupo que corresponda a parte proporcional á duración da xornada, según o **Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Vilalba** (Código 27100260012018) (BOP de Lugo Núm. 298, de 31 de decembro de 2018)

9.2. DURACIÓN DO CONTRATO

Contrato de carácter temporal según as necesidades detectadas para cubrir o servizo.

DÉCIMA.- Recursos.

Contra as presentes bases, así como contra as listas definitivas de excluídos, os interesados, poderán interpoñer potestativamente Recurso de Reposición no prazo de un mes ou Recurso Contencioso Administrativo ante a xurisdicción competente no prazo de dous meses, según o establecido na Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas e PAC e Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa.

Bases aprobadas na Xunta de Goberno Local de data 26 de abril do 2019

ANEXO I. MODELO DE INSTANCIA

SELECCIÓN DE PERSOAL PARA POSTOS DE MONITORES DEPORTIVOS NO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES, MEDIANTE CONTRATACIÓNS DE CARÁCTER TEMPORAL PARA O CONCELLO DE VILALBA. BOLSA DE EMPREGO. EXP 1517/2019.

D./Dña.....
con DNI n.º....., e domicilio Rúa/lugar.....
.....Localidade.....Provincia.....
en representación de
e teléfono:

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno todas as condicións esixidas nelas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Non estar afectado por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións correspondentes ao posto ao que opto e non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

TERCEIRO.- Non estar inscrito no Rexistro Central de delincuentes sexuais, comprometéndome a presentar certificación negativa no caso de ser seleccionado.

En relación co indicado, **SOLICITO:**

Ser admitido para participar no proceso de selección de monitores deportivos do Concello de Vilalba, Bola de Emprego, para o que presento a seguinte **documentación:**

-
-
-
-

Vilalba, de de 2019

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

SINESIO NOVO FERNANDEZ, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL N.º 2 DE LUGO,

HAGO SABER: Que en el procedimiento de **EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 30/2019** de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de **D. JAVIER PADIN RODRIGUEZ** contra **LUTYSMA SL**, se ha dictado decreto, en el día de la fecha, cuya parte dispositiva literalmente dice:

“ACUERDO:

a) Declarar a la ejecutada LUTYSMA SL en situación de insolvencia total, para el resultado de la presente ejecución, por importe de 4.062,47 euros, insolvencia que se entenderá a todos los efectos como provisional.

b) Archivar las actuaciones previa anotación en el Libro correspondiente, sin perjuicio de su reapertura, si en lo sucesivo se conocen nuevos bienes del ejecutado.

*Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.*

MODO DE IMPUGNACIÓN: *Contra la presente resolución cabe recurso directo de revisión que deberá interponerse ante quien dicta la resolución en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a la notificación de la misma con expresión de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LJS. El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros, en la cuenta nº 2323000031003019 en el BANCO SANTANDER. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.”*

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a LUTYSMA SL**, en ignorado paradero, a la que se advierte que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento o de decreto que ponga fin al procedimiento o resuelva un incidente, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

LUGO, a veintiséis de abril de dos mil diecinueve.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 1302

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) –DEPUTACIÓN LUGO

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO, EN SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 3 DE MAIO DE 2019, POLO QUE SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGRÍCOLA E/O GANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO. ANO 2019.

SUBVENCIONS DESTINADAS Á RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA A POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGRÍCOLAS E/O GANDEIROS, ANO 2019.

BDNS (identif):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencions, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencions

(<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index>).

Primeiro.- Beneficiarios

- Gandeiro ou Agricultor individual
- Sociedades Agrarias de Transformación.
- Persoas xurídicas que ostenten a titularidade de explotacións.
- Persoas físicas ou xurídicas que asuman o compromiso da súa incorporación á agricultura ou gandería.
- Comunidades de Bens e Sociedades Cívís que sexan titulares de explotacións agrícolas e/o gandeiras.

Nestes casos, deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei Xeral de Subvencións.

Para ser beneficiario desta liña o solicitante debe acreditar que a lo menos o 50 por 100 dos ingresos da persoa física proveñan da actividade agrícola e/o gandeira.

No caso de entidades sen personalidade xurídica (C.B. e S.C.) deberán acreditar que a lo menos o 50% dos ingresos da metade dos seus socios, proveñan da actividade agrícola e/ou gandeira.

No caso de persoas xurídicas (S.A.T., S.L. o S.A.) deberán acreditar que a actividade principal sexa a agrícola e/o gandeira.

Este requisito non será esixible nos supostos de persoas físicas ou xurídicas que asuman o compromiso da súa incorporación á agricultura e/o gandería.

En ningún caso poderá ser beneficiario quen se atope nalgunha das circunstancias establecidas polo artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- Obxecto

As presentes bases teñen como obxecto a ordenación do procedemento para a concesión das subvencións en réxime de concorrencia competitiva dentro do Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro desta Deputación provincial, destinadas aos titulares de explotacións agrícolas e/ou gandeiras da provincia de Lugo, coa finalidade da incorporación de terras á superficie produtiva.

Para poder ser beneficiario da subvención será preciso dispor dunha superficie mínima de 1 Ha para a súa posta en produción, podendo ser nunha única parcela, varias ou parte dunha de maior superficie, pero respectando sempre o mínimo esixido.

A superficie a incorporar pode ser en concepto de propiedade, aluguer, cesión ou calquera outro instrumento xurídico que confira o dereito de uso do ben. No suposto de solicitude de incorporación de máis dunha parcela poderán empregarse indistintamente os conceptos anteriores para cada una delas.

Os beneficiarios deberán comprometerse a ter en produción ou funcionamento o ben para o que se lle concede a subvención por un período mínimo de cinco anos (artigo 23.4.a da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación en concordancia con canto se dispón polo artigo 31.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

Estas axudas acóllense ao Regulamento (UE) nº 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos no sector agrícola, publicado no Diario Oficial da Unión Europea Serie L número 352 do 24 de decembro de 2013.

Terceiro.- Bases reguladoras

A ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

http://www.deputacionlugo.org/porta1_localweb_ag/p_20_contenedor1.jsp?seccion=s_fdes_d4_v1.jsp&tipo=6&&contenido=30233&nivel=1400

Convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinada a persoas titulares de explotacións agrícolas e/ou gandeiras.

http://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/cooperacion_concellos/plans_especiais/2019

Cuarto.- Contía e importe máximo

Recuperación e Incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros, Ano 2019

- Contía: 100.000,00 €
- Importe máximo: 9.000,00 €

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria.

Lugo a 3 de maio de 2019.- O presidente - P.D. Decreto nº 0402/2017, de data 24-02-2017, O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 1326
